



ANA MARIA LOPEZ RODRIGUEZ
A Traba nº 10, Muimenta, 27377, Cospeito
COSPEITO - LUGO

EXPEDIENTE: LU01020:2
SITUACIÓN: AVDA. CIDADE DE VERIA Nº 14, 1º D, 27377, COSPEITO -
COSPEITO

Por resolución da Xefatura Territorial de Lugo de data 04 de xullo de 2023 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente LU01020:2, da que vostede é titular, ao abeiro do disposto, no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.*

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes, comunicámoslle que se continuará coa publicación da oferta de venda na páxina web do IGVS para xeral coñecemento, podendo ser autorizada a súa transmisión directa a favor da persoa interesada que, figurando inscrita no citado rexistro como demandante de vivenda de promoción pública, cumpra os requisitos especificados na resolución de inicio do procedemento.

Lugo, na data da sinatura electrónica.

O xefe Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Jesús Montouto González

(Asinado electronicamente).

